1/Facturas de Isolux Corsán Servicios, SA (A80961618) por importes de: 2.057,48 €; 2.314,67 €; 1.800,30€; 1.028,74€; 2.057,48€; 2.314,67€; 2.057,48€ en concepto de servicios de recollida de lixo meses de maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro.

2/Facturas de Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL (B70072020) en concepto de servicios de limpeza dos colexios públicos durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro por importes de:1.712,26 €; 1.089,62 €; 7.501,35 €; 1.634,44 €; 2.464,63 €; 1.089,62 €.

3/Factura de Xestión Ambiental de Contratas (B36746584) por importe de 12.000,00 € en concepto de traballos de limpeza do río Cádavo.

Sínálase pola Intervención municipal no informe citado, verbo das facturas fiscalizadas desfavorablemente sen efectos suspensivos que:
” Nos casos anteriores, as facturas presentadas non reunen todos e cada un dos requisitos a que fai referencia o Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación de empresarios e profesionais, non constando datos como a base imponible, IVE, CIF, nº factura do concello ou dirección. “

e verbo das facturas fiscalizadas desfavorablemente e con efectos suspensivos que:

“ Nos casos dos apartados 1/, 2/ e 3/ os conceptos facturados responden a contratos de servicios, contratos que se rexían polo disposto no TRLCAP en canto á súa preparación e adxudicación.

Neste caso, polos importes facturados no propio exercicio 2007, dedúcese que estamos ante un contrato de importe superior a 12.000,00 euros, polo que non pode ser calificado de contrato menor (artigo 56 do RDL 2/2000). Por tanto, serían de aplicación a este contrato as normas relativas ás actuacións administrativas preparatorias, así como á tramitación dos expedientes de contratación e adxudicación de contratos, recollidas no TRLCAP..

No expediente, está formado unicamente, según datos obrantes nesta intervención, polas facturas fiscalizadas, debidamente conformadas.

Por todo o antedito, esta intervención emite informe desfavorable con efectos suspensivos por haberse omitido o procedemento para a contratación dos servicios facturados nos termos esixidos polo TRLCAP (agora, LEi 30/2007, de 30 de outubro) e normativa de aplicación. Corresponde ó Pleno da

*Entidade Local a resolución das discrepancias (artigo 217 do TRLRFL "...No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, **corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias** cuando los reparos:*

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito

*b) **Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia)***"

Esta Secretaría comparte o anteriormente sinalado pola Intervención municipal municipal .Á vista de que no informe de Intervención se sinala , entre outras cousas que "... Neste caso, polos importes facturados no propio exercicio 2007, dedúcese que estamos ante un contrato de importe superior a 12.000,00 euros, polo que non pode ser calificado de contrato menor (artigo 56 do RDL 2/2000...." , infórmase que os diferentes contratos debéronse adxudicar a traves dos procedementos e formas de adjudicación establecidos no Real decreto lexislativo 2/2000 (agora lei 30/2007, de 30 de outubro), dacordo cós principios de publicidade e libre concorrancia, resultando, ademáis, que o artigo 55 do citado texto legal prohibía a contratación verbal, ao establecer que "La Administración no podrá contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga carácter de emergencia ", como hoxe prohíbe o artigo 28 da Lei 7/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público(LCSP) que establece que "Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tengaa, conforme a lo señalado en el artículo 97.1, carácter de emergencia". Polo tanto, as contratacións realizadas sen seguir os trámites previstos na normativa vixente , prescindindo total e absolutamente dos procedementos legalmente establecidos, infrinxen a legalidade.

En todo caso infórmase da necesidade de proceder á contratación das diversas prestacións que requira o Concello cuxa contía exceda da fixada no artigo 122.3 da Lei 7/2007, de Contratos do Sector Público para os contratos menores(50.000 euros para contratos de obras e 18.000 euros cando se trate doutros contratos) dacordo cós principios de publicidade , libre concorrancia ,igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei .

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa duas (2) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente polo que as observacións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa de aplicación

Fene, 18 de agosto de 2008

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo."

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 18 de agosto de 2008, que devén en dictáme nos termos anteriormente transcritos."

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que simplemente queren reiterar o manifestado na comisión; que cren que hai unha serie de observacións que se fan constar por parte de Intervención, e queren que quede constancia que esas observacións que se fan por parte de Intervención son observacións que o grupo de goberno debe de ter en conta e debe de esixir á hora de cumprimentar os requisitos mínimos, é dicir, non se pode admitir e cre que debe ser xa rexeitada de plano segundo se teña coñecemento dela, a entrada de facturas que non reúnan os requisitos que establece a lei, tales como IVE, CIF, núm. de factura, e que non se pode dar curso a esas facturas desa forma. Continúa dicindo que por outro lado se referiron tamén no seu momento a determinadas partidas pola prestación de determinados servizos que a propia intervención di que non poden ser considerados como un contrato menor e deben ser sometidos ás normas de fiscalización que ten precisamente este Concello, e sacarse a licitación pública.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro Don Manuel Polo Gundín).

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que a parte de determinadas facturas que, si se suman constitúen obra maior, hai algunha outra que se considera obra maior porque excede dos doce mil euros, hoxe dos dezoito mil; que supón que neste caso se refire ao exercizo de 2007 e que non cre que sexa contrato menor polo que non debería ser obxecto de recoñecemento; di que pese a iso van votar a favor.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de Agosto de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de Agosto de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 511 do 1 de agosto de 2008 e a número 575 de data 29 de agosto de 2008.

5º.- MOCIÓNS URGENTES.-

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego e concede o uso da palabra ao voceiro do BNG para que explique a urxencia da admisión a trámite neste pleno da mesma.

A continuación intervén o Sr. Polo Gundín e manifesta que presentan unha moción en relación coa aprobación dos orzamentos de cara ao 2009, tamén relacionado coa participación das diferentes entidades e o movemento veciñal do Concello na elaboración destes orzamentos,; que os prazos legais que marca a lei para aprobación dos orzamentos son bastante estrictos e lles obrigaría a estar traballando neles xa no mes de outubro e que o que pretenden con esta moción é instar ao Sr. Alcalde para que tome todas as medidas para que se empece a traballar nos orzamentos xa no mes de outubro ao obxecto de intentar telos, por un lado contrastados co movemento veciñal cos grupos políticos e, por outro, para que estean a principios de ano como a todos lles gustaría.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) dos/as Sres/as Concelleiros/as D^a Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, D^a María Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.
Votos en contra: sete (7) dos/as Sres/as Concelleiros/as Don José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don José Antonio López Rodríguez, Dona María del Carmen

Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira.

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia da moción.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido procede a dar lectura á moción que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín portavoz do GM do BNG no concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

Exposición de motivos:

O fomento da participación cidadán é unha obriga inherente a calquera representante político. Coincidimos xa que logo na preocupación por transformar a democracia representativa en participativa, arbitrando canles para que a cidadanía decida o destino dos recursos municipais e iso vaia acompañado da definición das principais demandas e preocupacións veciñais en materia de investimentos públicos.

Afondar esas liñas de actuación converterase nunha ferramenta para profundar na democracia e para achegar a cidadanía ás institucións locais, e viceversa.

Non obstante, a aplicación dunha metodoloxía nesta materia precisa do coñecemento previo da realidade. En Ferrolterra en xeral, e en Fene en particular, o movemento asociativo conta cunha historia, cunha forza e tradición apreciable. Existen sociedades de máis de medio século de vida, enraizadas na cidadanía, cun importante patrimonio e cunha tradición reivindicativa que non se pode nin se debe botar pola borda nunha semana.

O Concello de Fene puxo en marcha dende as primeiras eleccións democráticas un sistema participativo e asembleario, dándolle voz ás entidades en todos os problemas relevantes para a vida local. Puxéronse en marcha en diferentes épocas o Consello municipal de Saúde, Consello municipal da Muller, Consello municipal de Educación, e o Consello Asesor da radio municipal. Dentro desa filosofía global, o Concello de Fene convocou dende comezos da década dos 80 ás sociedades para expoñerlle o borrador de orzamentos e recoller no documento final ás súas propostas e suxestións. A pesar de que as sociedades se atopan nunha certa crise, ou precisamente por iso, coidamos que a institución local debe arbitrar medidas para o afortalamiento do movemento asociativo. Dotar ás sociedades de recursos e de capacidade de decisión en temas cruciais da localidade son liñas de actuación que se mantiveron no pasado, pero nas que se debe de afondar para facer realidade os PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS.

Por todo iso, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1. A Alcaldía comprométese a entregar aos grupos políticos e ás entidades cidadáns o borrador dos ORZAMENTOS DO 2009, acompañado de datos como a Oferta Pública de Emprego, índice de endebedamento, débeda viva e xustificación política do documento orzamentario, antes do 30 de outubro do 2008.
2. Invítase ás entidades cidadáns de todas as parroquias a convocar asembleas veciñais no seu ámbito de actuación entre o 1 e o 25 de novembro de 2008 para debater os orzamentos municipais e recoller as conseguintes propostas.

3. Os grupos políticos reuniranse entre o 25 e o 30 de Novembro do 2008 coas directivas das entidades cidadáns para escoitar as propostas saídas das asembleas e negociar a súa inclusión nos orzamentos.

4. O pleno da corporación reunirase o 30 de Novembro de 2008 para debater, e aprobar, se procede o orzamento municipal do 2009.”

Rematada a lectura, o Sr. Polo Gundín manifesta que son conscientes de que nesta moción se plantexa un calendario rigoroso para aprobar os orzamentos en xaneiro e que é tamén un plantexamento que ou se fai rigoroso nos seus prazos ou é moi difícil que despois todo o movemento asociativo teña tempo real para convocar asembleas e facer realmente unha cuestión participativa e que dea tempo a facer logo un contraste entre os grupos políticos do concello; di que os tempos fixados na moción terían que ser tempos de referencia para que todos os grupos políticos e o movemento asociativo actúen coa dilixencia suficiente para que os orzamentos sexan de todo o ano.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que eles votaron a favor de que esta moción entre por urxencia pero que danlle ganas de rir porque é o cumprimento estricto da lei e a ven absurda; que van a votar a favor porque non é máis que se cumpra a lei e que precisamente é o grupo de goberno deste concello, que non lle da cumprimento á lei, e que trae agora unha moción para que se lle dea cumprimento; que non comparten a exposición de motivos da moción porque eles entenden que as sociedades deste Concello á hora de participar nos orzamentos non participaron nunca, senón non se estarían agora inventando uns orzamentos participativos e gastando quince mil euros nos mesmos; que parécelle unha reiteración e un pouco lixeiro que se traia isto aquí cando todos saben que precisamente para estes orzamentos ás sociedades non se lles pediu opinión para nada, se trouxeron un día, se lles dixo aí os vai o borrador e punto, o mesmo que fixeron con eles, porque non se lles convocou para nada; que van votar a favor simplemente porque é o cumprimento estricto da lei, cunha modificación, xa que eles a esta moción dirían que instan á alcaldía non, senón ao grupo de goberno, xa que é quen ten que elaborar os orzamentos; que fan esa salvidade e que o resto parécelles ben pero que quen ten que elaborar os orzamentos é o grupo de goberno, e o que pasou cos orzamentos deste ano xa o saben; que o que non se pode é estar no goberno e na oposición; di que tamén o Sr. Alcalde cando estaba na oposición reclamaba todo isto pero aquí o PSOE e o BNG están gobernando, polo que non sabe a qué ven darlles leccións de cumprimentos da legalidade se son eles os primeiros que o teñen que cumprir; que si se cumpre a lei non fai falla moción ningunha, e que desde o partido popular o que lles din é que se poñan as pilas e que cumpran a lei e os prazos que marca para ir confeccionando os orzamentos do 2009, e que se cumpran eses prazos para chegar a 31 de decembro cos orzamentos aprobados, pero que moito se teme que con tanta cousa ao mellor se lles van atragantar os orzamentos participativos duns cos orzamentos nos que participen as sociedades doutros e, ao final, van chegar a enfrontarse de novo e non van dar aprobados os orzamentos en decembro; que eles están a favor tanto dos orzamentos participativos como de que participen as sociedades, pero que os que teñen que traballar nese caso é o grupo de goberno e poñerse as pilas e non vir aquí dicindo que teñen que cumprir a lei, porque a lei a ten que cumprir o equipo de goberno. Remata dicindo que votarán a favor da moción sempre e cando onde di que “...a Alcaldía comprométese a entregar...”, diga “... o goberno local comprométese a entregar...”.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que van votar a favor de que se cumpran os prazos pero que quere facer dúas

matizacións; que recoñece que é certo que o concello de Fene, ao longo destes anos, foi un dos que máis marxe de participación concedíu, pero que os orzamentos participativos cre que son unha cousa totalmente diferente, xa que unha cousa é a participación informativa que tiñan as diferentes sociedades, e outra diferente os orzamentos participativos, xa que nese caso hai unha parte do orzamento no que as asociacións e diferentes organizacións deciden por maioría en qué se vai gastar unha cantidade de diñeiro; di que sería máis normal que esta moción se presentara polos dous grupos da oposición, pero que van votar a favor porque isto foi sempre o que lles pediron e reclamaron ao longo do ano pasado, que os orzamentos fosen dentro dos prazos; que cando se fala dos prazos, de que estean preparados para o 30 de outubro, están de acordo e a lei así o recolle polo que é unha redundancia máis: que tamén están de acordo con invitar ás distintas entidades parroquiais; así como con que se reúnan os grupos políticos con eles e que para o 30 de novembro estean aprobados; que vai votar a favor, pero quere manifestar que oxalá se poidan cumprir, porque vendo os resultados do ano pasado, dubidan que sexan capaces de cumprir a moción que se presenta nos prazos que se di.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, dado que se refire a un compromiso da Alcaldía de presentar os orzamentos no pleno do Concello nunha serie de prazos, quere destacar que en primeiro lugar o grupo socialista vai votar en contra desta moción e que as razóns do voto en contra son as seguintes: por unha banda a moción establece dúas cousas fundamentais, que se cumpran unha serie de prazos á hora de elaborar os orzamentos, prazos que como ben dicía o voceiro do partido popular son os prazos que legalmente están establecidos para mantelos nun horizonte que lles permitise ter o orzamento aprobado a día 1 de xaneiro que é o desexable, razoable e o mellor para calquera administración, e fundamentalmente para un concello como este e, por outra banda, fala tamén dun modelo de orzamento que se lle chama participativo na moción; que ven, sen entrar en valoracións de cómo se elaboraron os orzamentos en Fene en exercizos anteriores, nos que nunca, nin cando houbo maioría absoluta, se cumpriron os prazos que agora se establecen nesta proposta pero que, en todo caso non está mal telos como referencia como dicía o voceiro do BNG, que os orzamentos en Fene se fixeron ben, mal, regular, é certo que se consultaba cos grupos da oposición, se falaba coas entidades con maior ou menor capacidade de decisión, pero Fene nunca tivo un orzamento participativo; que pódese chamar como se queira a un modelo de orzamento determinado pero orzamento participativo é aquel no que teñen a oportunidade de participar na súa elaboración todos e cada un dos cidadáns dun concello, e ademáis, non só de participar, senón que teñen a oportunidade de decidir; que o orzamento participativo ademáis ten outra característica que é que como precisamente tamén van ser os/as veciños/as os que decidan en qué se gastan os cartos, tamén son os que deciden cómo se organizan, é dicir, como xa se fixo noutros sitios de España, a partires dunha serie de reunións, dunha serie de consultas nas que tamén teñen oportunidade de participar todos os veciños dun concello, se elabora un regulamento de orzamento participativo que di cómo se vai participar, é dicir, cómo os veciños van ter voz e voto para decidir esa parte do orzamento que se vai someter á súa consideración; que este modelo de orzamento que se lles plantexa, non é un modelo de orzamento participativo porque non se fala de que os veciños decidan, senón que se fala de que os veciños participarían en asembleas convocadas polas entidades, tomarían unha serie de acordos e logo esas entidades negociarían co goberno, e non é o mesmo negociar que decidir; que ademáis se incumpre a outra premisa do orzamento participativo que é que o proceso xurda de abaixo cara arriba, é dicir, se eles agora xa din que o modelo vai ser este, non estarán respectando esa parte da participación, non estarán a darlle a liberdade aos/ás veciños/as para que decidan cómo queren participar e cómo queren tomar decisións nese modelo de

orçamento participativo; di que por estas dúas cuestións fundamentalmente, porque cren que o que se fai é apostar por un modelo de orzamento que directamente non é participativo, o grupo socialista non pode votar a favor da moción, pero que en todo caso, sobre o tema das entidades insiste que non cunda ningún tipo de pánico nin de medo, xa que as entidades é certo, como di a moción, que en concellos como Fene teñen unha presenza moi importante e un papel moi importante nas parroquias que non teñen noutros concellos polo que o que se plantexan a priori desde o grupo de goberno é que o modelo de orzamento participativo contemple unha participación directa dos cidadáns, que teñen que ter a liberdade e a posibilidade de participar, e tamén unha participación das entidades como tales, á marxe de que logo os membros que formen parte dunha entidade poidan participar individualmente.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere dicirlle ao voceiro do grupo popular que efectivamente para o cumprimento da lei non hai que presentar ningunha moción pero que se marcan os prazos que indica a lei para visualizar á Alcaldía, que é a quen lle corresponde iniciar o procedemento, non ao grupo de goberno; que en canto aos prazos que indica a lei é así, e, como dixó, son uns prazos rigorosos porque moi poucos concellos son capaces de poder aplicarlos a un de xaneiro pero que en todo caso, son prazos que marca a lei e que deben ser de referencia se queren que todo o movemento asociativo do concello participe e coñeza de primeira man todo o orzamento e que as entidades veciñais saiban tamén que hai ese calendario; di que hai unha cuestión fundamental e que non é unha contradicción, xa que, o movemento asociativo participe non impide outros foros de participación nos que tamén poden estar as entidades e os veciños a título individual; que o que inviabiliza o modelo que defende e que propón o Alcalde neste caso en representación do grupo socialista, é a cantidade de diñeiro sobre a que se decide, e a compatibilidade e a viabilidade técnica deses proxectos, ou deses investimentos ou deses gastos; que eles iso tamén o comparten, non teñen problema en ir a ese modelo pero que entenden que se non marcan uns prazos e non se comprometen claramente co movemento social de Fene, ao final o movemento asociativo tamén se vai ver superado polas propias circunstancias, porque non se lle vai ter en conta, ou, polo menos, é o que o seu grupo entende ou interpreta e de aí esta moción.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que evidentemente a Alcaldía pode iniciar o proceso orzamentario pero que o goberno son o grupo socialista e o BNG, e por tanto, a Alcaldía terá que recabar a previsión de ingresos e gastos de cada unha das concellerías e logo a de Facenda terá que refundilas todas e facer o proxecto de orzamentos; que se aquí todos os Concelleiros se lavan as mans, e se di que o Alcalde é o único que ten a facultade de dar ese paso, se pregunta qué pacto teñen aquí; que se poñan de acordo, porque se as concellerías do BNG se negan a pasar os datos o Alcalde quédase de mans cruzadas e quedan todos sen orzamentos; que individualizar os orzamentos na persoa do Alcalde non lle parece lóxico aínda que teña as facultades para facelo. Continúa dicindo que respecto do que dicía o Sr. Alcalde dos orzamentos participativos, aquí non se están a debater os orzamentos participativos, senón a debater unha moción que presenta un socio do grupo de goberno; que se aproben os orzamentos participativos que se vaian facer non ten nada que ver para que se consulten tamén os orzamentos coas sociedades; que unhas cousas non exclúen ás outras.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde e manifesta que cando falou dos orzamentos participativos quere facer unha matización; que faláron efectivamente de que unha parte do orzamento se decidira dese modo e a outra parte decidírase de modo tradicional; que cando fala do papel das entidades está recalando que terán o seu rol, o seu papel e a súa función como

entidades na parte participativa, e que, por descontado, no resto do orzamento terán o papel que lóxicamente teñen como representantes veciñais, é dicir, será consultado con elas, serán informadas e poderán achegar propostas á outra parte non sometida á participación veciñal e na que os cidadáns non terán voz nin voto para decidir en qué se gastan os cartos, polo que as entidades participarán nas dúas partes do orzamento, nunha individualmente e noutra de modo compartido cos cidadáns que participen individualmente; que os prazos que se manexan son os legalmente establecidos e a Alcaldía na elaboración dos orzamentos barallará eses prazos; que dará o coletazo de saída e nun goberno de coalición como é o que teñen, cando haxa acordo no seno do goberno sobre un borrador de orzamento, seguiránse os pasos correspondentes para poder traelo a pleno e aprobalo; di que insiste no compromiso que tamén expresou no pleno cando se aprobaron os orzamentos do ano actual, xa que para él o ano pasado o borrador do orzamento se demorou excesivamente e que o compromiso que teñen, e él como Alcalde, é que este ano se poida aprobar moito antes e Fene poida ter orzamentos moito antes, polo que se traballan con eses prazos de referencia e se traballan con esa intención, verán o tempo que iso lles leva; que esa intención inicial si que existe, e que o voto en contra non é polo tema dos prazos senón porque cren que se opta por un modelo de orzamento que realmente non é participativo. Remata a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que o voceiro do BNG ten que dicir si acepta ou non a emenda que plantexa o Partido Popular.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que cando fixo a lectura da proposta da moción, no primeiro punto falaba de que a Alcaldía se comprometese e quere que se cambie iso por instar á Alcaldía porque o pleno non pode comprometer ao Alcalde, e que o acordo, se o voceiro do Partido Popular o quere así, instar á Alcaldía e ao grupo de goberno, non hai ningún problema, polo que a redacción do primeiro punto da parte dispositiva da moción quedaría do seguinte xeito:

- “1. Instar á Alcaldía e ao grupo de goberno a entregar aos grupos políticos e ás entidades cidadáns o borrador dos ORZAMENTOS DO 2009, acompañado de datos como a Oferta Pública de Emprego, índice de endebedamento, débeda viva e xustificación política do documento orzamentario, antes do 30 de outubro do 2008.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG coa modificación do apartado primeiro da parte dispositiva sinalada anteriormente, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) dos/as Sres/as Concelleiros/as D^a Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, D^a María Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Votos en contra: sete (7) dos/as Sres/as Concelleiros/as Don José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don José Antonio López Rodríguez, Dona María del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira.

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción presentada polo grupo municipal do BNG, coa modificación do apartado primeiro da parte dispositiva, quedando ésta última redactada como segue:

1. Instar á Alcaldía e ao grupo de goberno a entregar aos grupos políticos e ás entidades cidadáns o borrador dos ORZAMENTOS DO 2009, acompañado de datos como a Oferta Pública de Emprego, índice de endebedamento, débeda viva e xustificación política do documento orzamentario, antes do 30 de outubro do 2008.
2. Invítase ás entidades cidadáns de todas as parroquias a convocar asembleas veciñais no seu ámbito de actuación entre o 1 e o 25 de novembro de 2008 para debater os orzamentos municipais e recoller as conseguíntes propostas.
3. Os grupos políticos reuniranse entre o 25 e o 30 de Novembro do 2008 coas directivas das entidades cidadáns para escoitar as propostas saídas das asembleas e negociar a súa inclusión nos orzamentos.
4. O pleno da corporación reunírase o 30 de Novembro de 2008 para debater, e aprobar, se procede o orzamento municipal do 2009.”

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que vai facer varias preguntas; di que sobre as beirarrúas de Barallobre tiveron coñecemento que a empresa principal á que se adjudicou no seu momento o contrato entróu en suspensión de pagos e queren saber se a Deputación informóu de algo ao Concello e se informóu cales poden ser os problemas que se poden xerar e sobre a paralización que se prevé desa obra; que o campo de fútbol de Perlio ten un alumeado máis ou menos axeitado e non saben se vai ser o que vai quedar despois de que se rematen as obras do céspede artificial, polo que, ao haber unha subvención por parte da Deputación que está precisamente para a mellora da iluminación nos campos de fútbol de herba artificial, é unha vergoña que Fene soamente presentara un escrito no que solicita participar, e que si se necesita o alumeado haberá que presentar un proxecto en forma e haberá que presentar o seu desglose, tal e como fan o resto dos concellos, e non presentar un escrito no que se pide participar; que se hai alumeado non se solicita nada e se non o hai haberá que presentar as cousas como as hai que presentar; que queren saber si se vai manter ese alumeado ou si se vai repoñer e solicitar unha subvención en forma para poñelo.

Continúa a súa intervención e pregunta, se a piscina vai empezar en prazo xa que rematóu o contrato con Sedega; di que reitera outra vez o tema do asfaltado da N-651 e que volve a insistir en que se inste e se insista ante Fomento para que rematen dunha vez as obras e que leven a cabo a reforma que teñen pensado realizar; di que fronte á praza da igrexa unha empresa levantóu os adoquís ou asfalto xusto no centro onde están as farolas, e que queren saber se esa zona se vai habilitar como xardín, e si se fixo o correspondente informe técnico municipal; que a comisión de persoal leva dous meses sen se convocar e que quere facer dúas preguntas: primeira, si se creóu a mesa que se ía facer para negociar a xornada laboral das limpadoras e si se mantivo algunha reunión; e unha segunda pregunta é con respecto á mesa de seguimento do acordo suscrito coa policía local, xa que saben que houbo unha primeira reunión no mes de xuño e queren saber si se avanzóu algo nese tema ou si se convocóu outra reunión novamente.

Pregunta se houbo algunha actuación da Policía Local ou algo en relación a unha presunta tala de árbores na zona do Río Baa en Vilar do Colo. Di que quere preguntar se a escola de Sillobre vai estar operativa para cando comece o curso, xa que parece ser que estivéronse a realizar obras e parece dubidoso que poida entrar en funcionamento o día 11; que respecto ao servizo de recollida do lixo, na rúa Gerardo Díaz parece ser que hai un límite establecido a partir do cal unhas casas pagan pola recollida diaria e outras só por tres días e que segundo lles informan só pasan tres días á semana e abonan a taxa completa como si pasaran tódolos días.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que xa como rogos quere facer os seguintes: un relativo a que na Rúa das Cañotas, no espazo que está habilitado para aparcarse detrás da praza verde, sería necesario botarlle algo de zorra para repoñer o firme pois está bastante mal de cara ao inverno. Di que en Río Sandeu chegaronlle queixas porque, ao parecer, o paso de peóns que está na praia ten bastante altura e non está ben habilitado pois xa caeron varias persoas alí.

Continúa dicindo que se lles dixo por parte dalgúns veciños que a porcallada do Río Cádavo era cada vez máis galopante; que parece ser que viñeron a presentar a súa queixa ao concello e que en principio se dirixiron á concellería de servizos pero parece ser que esa competencia do río Cádavo non é de servizos senón que é de medio ambiente, e pregunta si se vai realizar algunha xestión para levar a cabo esa limpeza. Di que se lles comunicou na última comisión de facenda a débeda real deste Concello que rolda os cinco millóns de euros, e que parece ser que neste ano de goberno esa débeda quedou reducida en tres millóns de euros porque en tres meses, desde a última entrevista do Sr. Alcalde houbo esa redución, pasáronse dos oito millóns de euros na prensa aos cinco millóns reais no que é a liquidación do orzamento e que queren saber se efectivamente esa redución foi así tan importante e tan só en tres meses porque se é así os felicitaría; que sobre unha serie de facturas que veñen en Resolucións da alcaldía, facturas que tamén observaron nestas últimas que se acaban de aprobar hoxe, que son da empresa FM COMUNICACIÓN CB, todas elas de bastante contía, de asistencia técnica e programas de radio de decembro de 2007 e xaneiro de 2008, queren saber qué servizos presta esta empresa, porque se xa hai unha radio que ten bastante persoal non sabe qué asistencia técnica se presta.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dos rogos danse por enteirados e que con respecto ás preguntas, sobre a débeda no Concello cre que xa se discutiu longo e tendido en diferentes sesións da Corporación, polo que se remite ao dito noutras sesións plenarias sen darlle máis voltas ao asunto, e deixando claro as medidas de control económico e de redución para controlar economicamente a débeda que ten o concello; que sobre o asfaltado da N-651 efectivamente comparten a preocupación do que manifesta o voceiro do Partido Popular e que houbo xa varios contactos do concello coa delegación territorial do Ministerio de Fomento e a resposta foi que se faría o asfaltado no menor tempo posible, pero que tal e como estaba contratada a obra e como estaba elaborado o proxecto, sen que saiban moi ben as razóns, é dun tramo comprendido entre Fene e Bergondo e contempla a primeira capa de rodadura nese tramo e unha segunda capa de rodadura no conxunto do tramo; que en todo caso, as cuestións de seguridade que é a sinalización horizontal, salvo en Rego da Moa que si que lles trasladan que no momento que se dea a última capa de asfalto á estrada se repintará o cruce para evitar a situación de perigosidade que hai neste momento co que respecta á seguridade esta sinalización horizontal da pintura, das marcas da estrada están pintadas en cor amarelo e o tema que lles chegou dos veciños de que tropezaban nos resaltes dos pasos de peóns, non sabe se en todos, pero por parte da concellería de servizos procedeuse a rebaxalos na medida na que o concello ten posibilidade de facelos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que con respecto ás beirarrúas de Barallobre pouco máis ten que dicir que o que se falou na comisión; que Suso Fernández, que é a empresa, está sometida á lei concursal, e que de todo isto teñen coñecemento non oficial; que a solución que plantexa a Deputación é contratar a Bouzamayor, que foi a empresa que empezou todo o tema das beirarrúas, e facelo como contrato de suministro ou algo así; que aínda hoxe estivo a falar cos Enxeñeiros da Deputación e lle dixeron que o luns confían en que Bouzamayor empece o

remate das beirarrúas e que se isto non vai para adiante será cando se pida unha entrevista con alguén de obras de Deputación; que comunicación oficial por escrito a este Concello non chegou, senón que todo foi por vía telefónica. Continúa a súa intervención e di que respecto á limpeza do río Cádavo se lle pediu ao enxeñeiro municipal que fixera un informe para pedir autorización a Augas de Galicia, e que o informe está feito e está solicitado o permiso; que pídese autorización para ó final de verán porque é precisamente cando deixa de crecer a vexetación.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que en canto á pregunta do proxecto de iluminación do campo de fútbol ten que dicir que se presentou unha solicitude na Deputación no tempo establecido, que foi o 30 de xullo; que non se presentou o proxecto debido a que a empresa que o tiña que elaborar tiña a maioría do seu persoal de vacacións e non daba tempo a que o enxeñeiro municipal informara dese proxecto, polo que queda pendente de que o proxecto se aprobe nunha comisión e se traia a pleno para, dentro do prazo estipulado, envialo á Deputación. Continúa dicindo que respecto ao comezo da piscina municipal, esta vai empezar como estaba previsto; que a partires do 15 de setembro abrirá para baño libre como se viña facendo en anteriores anos e a partir do mes de outubro seguirá funcionando; di que se non da tempo a que o prego entre en vigor para contratar á nova empresa que xestione os servizos será por medio de contratación; di que quere facer unha aclaración sobre o prego, xa que sufríu moitas modificacións porque para Secretaria deste concello parece ser que non se adecuaba ao que ela solicitaba, pero que o prego xa sufríu bastantes modificacións por parte do persoal de deportes e foi entregado varias veces; que tamén colleu o mes de agosto de vacacións, e cre que se agora non da tempo non é por culpa da súa concellería.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ás illetas do cruce de Fene, o que estase a facer é o acondicionamento delas, adecentándoas un pouco; di que si que se ten en conta o paso de peóns, e que foi o primeiro que se tivo en conta.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que con respecto ao prego para a contratación dos servizos das instalacións deportivas do Concello, lle aclara a Sra. Secretaria que unha parte das rectificacións foron apuntadas por Secretaría e outra parte por Intervención.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que como ben di o voceiro do Partido Popular, a comisión de persoal leva dous meses sen facer a súa xuntanza ordinaria, se ben é certo que o mes pasado se fixo unha extraordinaria onde se levaron os puntos que tiñan previstos para a ordinaria; que en calquera caso lle informa dos temas que ten preguntado en canto ás mesas de negociación das limpadoras e á mesa de seguemento da policía local, que si se teñen constituído no mes de xullo e teñen previsto iniciar o seu funcionamento a principios do presente mes, polo que non se teñen iniciado neste senso negociacións específicas sobre ningún tema concreto; di que é verdade que en canto á mesa de seguimento do acordo co persoal hai diferentes aspectos que se teñen trasladado por parte dos sindicatos, algún dos cales xa están resoltos e outros que se requirirá información dos servizos técnicos municipais para concretar se eran correctas as demandas que se lles facían ou non; que en calquera caso na seguinte comisión daráse conta de cada un deles pormenorizadamente. Continúa a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que o tema da escola de Sillobre e polo coñecemento que ten en canto ao que lle afecta pola xestión dos programas de cooperación, nesa escola estaba

prevista a substitución das portas, e que neste momento están sacadas as portas e os premarcos e tense previsto a substitución entre o día cinco e o día oito para que a escola poida entrar en funcionamento na data prevista sen maior complicación; que descoñece neste momento se existen outro tipo de deficiencias que impidan o funcionamento da escola das que, en calquera caso, non lle corresponde á súa concellería informar. Di que no tempo de execución dos programas de cooperación teñen previsto o traslado da asociación micolóxica Viriato, que ocupaba unha parte da escola de Sillobre, e habilitación dese espazo para patio interior dos rapaces; que esa si que é unha obra que se realizará nos vindeiros meses, pero que en calquera caso non impedirá o funcionamento da escola; que en canto ás preguntas que se facía sobre a empresa FM COMUNICACIÓN CB, lle trasladará por escrito ao voceiro do Partido Popular os traballos que realiza esa empresa, e que lle avanza que cando menos están realizando o control de audiencias da emisora municipal e teñen subcontratada unha parte do magazine da radio, xa que a raíz da baixa dunha das traballadoras, o funcionamento da radio quedaba un tanto minguado e se optou por contratar cunha empresa a elaboración dun dos programas da radio; que supón que as facturas ás que se refire o voceiro do PP deben ser por estes conceptos, pero que en calquera caso, como agora mesmo non ten a relación das facturas e os conceptos exactos, antes do vindeiro pleno lle facilitará información por escrito de cada unha das facturas emitidas e o concepto ao que corresponde cada unha delas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que quere facer unha matización; que xa saben que houbo unha comisión extraordinaria de persoal á que asistiron pero que tamén sabe o concelleiro que aí non hai rogos e preguntas.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que en canto ao que se comentaba das obras de Vilar do Colo, se fixeron traballos, non sabe se de tala ou de desbroce, e que a él comentáronlle que de desbroce; que se comezou na zona de Cabanas, que é na zona do río Baa e vai afectar ao remate do polígono; que hoxe pola mañá tiveron unha reunión no concello cos redactores do proxecto, a empresa que vai executar a obra e con representantes dos concellos de Fene e Cabanas e o enxeñeiro municipal, con motivo das obras.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que en canto á taxa de recollida do lixo quere dicir que a ordenanza municipal só contempla dous tramos, un de menos de tres días e outro de tres en adiante, polo que, se a recollida é de tres días, corresponde a tarifa 1 e se van menos de tres corresponde a tarifa reducida; que iso é o que recolle a ordenanza actual polo que se lle está cobrando ben a taxa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido pregunta sobre as obras que se iniciaron en Vilar do Colo; di que quere facer un rogo sobre o tema da radio, pois desde que este goberno tomou posesión non houbo ningunha reunión e o compromiso que había era de cada tres meses se reuniría; que outro rogo é que se comproben os accesos que ten o Colexio da Xunqueira segundo se ven na dirección de Astano cara ao colexio, xa que hai unha liña contínua e están todos pisando por enriba dela.

(Auséntase do salón de sesións o Concelleiro Don Manuel Vicente Pico Sanmartín).

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que en canto ás obras de Vilar do Colo hai unha parte de urbanización en Fene, entrando no

polígono a man dereita, na vagada entre as dúas gasoleiras e a continuación na mesma liña, todo o que é a parte traseira da N-651, na zona de Laraxe e que despois vai unha balsa de captación que é unha segregación; que é unha parte de obra que xa era da segunda fase e quedou sen facer porque tardou Augas de Galicia en autorizar esa balsa de captación; que houbo atraso, polo que explicaban hoxe os redactores do proxecto, motivado pola falla das autorizacións no seu día, polo que meteron a balsa neste remate de obra; di que, ao seu entender, debería terse feito moito antes, sobre todo por respecto ao medio ambiente, porque esa balsa de captación non é máis que un filtro da auga que vai ao río e leva o polígono funcionando hai uns cantos anos, pero que os atrasos na contratación e na execución da obra veñen dados, cre máis da propia Sepes que dos concellos; que en todo caso, como iso suscita preguntas por parte dos dous voceiros, non ten ningún problema, en xuntarse e ver o proxecto.

(Incorpórase ao salón de sesións o Concelleiro Don Manuel Vicente Pico Sanmartín).

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que reitera que cando queiran poden ver o proxecto e que non pode dicir moito máis porque o presentaron hoxe pola mañá.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.